



## O Complexo Industrial de Repsol patrocina o Campionato de España de Autocross en Arteixo

- O evento deportivo disputarase os días 9, 10 e 11 de agosto no circuíto José Ramón Losada.
- Este ano 134 pilotos participarán na proba que o Complexo Industrial apoia desde o 2012, dentro do seu compromiso co mundo de motor e a súa contorna máis próxima.
- Os vehículos da organización do evento circularán esta fin de semana con diésel 100% renovable que Repsol xa ofrece en máis de 385 estacións de servizo da Península Ibérica.
- Para Repsol o patrocinio de competicións de motor forma parte do seu ADN e leva máis de 50 anos colaborando en distintas modalidades, desde o motociclismo ao voo acrobático.

O Complexo Industrial de Repsol patrocina a proba do Campionato de España do Autocross (CEAX) en Arteixo, un dos eventos deportivos referentes no mundo do automobilismo nacional e que se disputará os días **9, 10 e 11 de agosto** no circuíto **José Ramón Losada**.

Esta mañá celebrouse no Concello de Arteixo a presentación da **28ª edición** que contou coa presenza do alcalde de Arteixo, **Carlos Calvelo**, a concelleira de Deportes, **Purificación Zas**, o presidente da Peña Autocross de Arteixo, **David Arcay**, e o director de Produción do Complexo Industrial de Repsol, **Marcos Diéguez**. Á presentación tamén asistiron algúns dos pilotos que competirán no trazado: **Sabino García**, **Diego García**, **Emiliano Fuenzalida** e **Yoanna Llorente**.

Este ano o evento deportivo contará con **134 pilotos rexistrados nas seis categorías** desta proba que **Repsol apoia desde o 2012**, dentro do seu compromiso co mundo de motor e a súa contorna máis próxima. Figuran **19 pilotos en División 1** (turismos de tracción total e prototipos), **21 en División 2** (turismos de tracción dianteira ata 2.000 c.c), e **13 en División Buggy** (categoría destinada aos monoplasas de gran cilindrada e tracción total). En **Car Cross** chegouse aos **45 pilotos** rexistrados e a categoría **Car Cross Series** contará con **22**. Para finalizar, en **Junior Car Cross** participarán un total de **14 novos pilotos** con idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos.

### 28º Campionato de España de Autocross (CEAX)

A **Peña Autocross de Arteixo** é unha organización deportiva creada hai máis de 30 anos por un grupo de afeccionados ao automobilismo, e en particular á categoría do cross.

Desde a súa formación en 1982 promove anualmente diferentes probas entre as que se atopa o **Campionato de España de Autocross (CEAX)** e que consegue atraer ata o circuíto José Ramón Losada a **5.000 afeccionados** do motor.



Este ano o CEAX comezará na tarde do **venres 9 de agosto** coas verificacións administrativas e técnicas optativas dos vehículos participantes. O **sábado 10 de agosto** realizaranse as clasificacións oficiais e o **domingo 11 de agosto** celebraranse as diferentes finais.

As entradas poderanse adquirir a partir do venres no propio despacho de billetes do circuío José Ramón Losada.

Ademais, como novidade, os combustibles renovables de Repsol estarán presentes na proba desta fin de semana, e é que os vehículos da organización do evento circularán con **diésel 100% renovable**. Unha nova alternativa que Repsol xa ofrece **en máis de 385 estacións de servizo da Península Ibérica**, tres delas en Galicia (A Coruña, Coirós e Vigo) e cunha previsión dunha decena a finais de ano.

### **Compromiso cos deportes do motor**

Para Repsol o patrocinio de competicións do motor forma parte do seu ADN e leva **máis 50 anos colaborando en distintas modalidades**, desde o motociclismo ao voo acrobático. A alta competición representa para a compañía o mellor banco de probas dos produtos que desenvolve, como os combustibles renovables que este ano xa supuxeron o 40% do carburante en MotoGP.

Pola súa banda, o Complejo Industrial coruñés, ao compromiso co Autocross de Arteixo súmalle este ano o **acordo de cooperación asinado coa Fundación Jorge Jove**. Conxuntamente, Repsol e Fundación, impulsarán ao longo de dous anos, actividades formativas, culturais e de investigación que terán como eixo central o mundo do motor e o Museo de Automoción e Historia (MAHI), que se atopa situado en Arteixo.